

# Convocatoria Movilidades Internacionais Curso 2024-2025


## Alumnado

### Ciclos Superiores

### Consortio Formación Profesional Orense-Europa

**Preparados, listos,  
¡vamos Europa!**

# #ERASMUS+



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,  
CIENCIA, UNIVERSIDADES E  
FORMACIÓN PROFESIONAL



Cofinanciado por  
la Unión Europea

# BASES CONVOCATORIA ERASMUS +

## MOBILIDADES DE ALUMNADO DE CICLOS SUPERIORES

### PRÁCTICAS FCT NO ESTRANXEIRO

#### Convocatoria de marzo xuño 2025

**Nº de PROXECTO:**  
**2023-1-ES01-KA131-HED-000120644**

Ourense, outubro 2024

## Consortio FP Superior "Ourense-Europa"

**CIFP A Carballeira - Marcos Valcárcel**

Praza da Lexión, s/n 32002 Ourense

Teléfono: 988788470 / [programas.internacionais.cifp.carballeira@edu.xunta.gal](mailto:programas.internacionais.cifp.carballeira@edu.xunta.gal) / <https://www.cifpacarballeira.gal/>

**CIFP A Farixa**

Rúa das Laxas, s/n 32005 Ourense

Teléfono: 988783012 / [programas.internacionais.cifp.farixa@edu.xunta.gal](mailto:programas.internacionais.cifp.farixa@edu.xunta.gal) / <http://www.farixa.gal>

**CIFP Portovello**

Rúa Luis Trabazos, 1 Ourense CP 32004 Ourense

Tfno. 988788903 / [programas.internacionais.cifp.portovello@edu.xunta.gal](mailto:programas.internacionais.cifp.portovello@edu.xunta.gal) / <http://www.cifpportovello.gal>

**I.E.S. 12 de Outubro**

Av. de Santiago, 2 32001 Ourense

Teléfono: 988788211 / [12octubreeuropa@gmail.com](mailto:12octubreeuropa@gmail.com) / <http://www.12outubro.gal/>



Cofinanciado por el  
programa Erasmus+  
de la Unión Europea

# CONVOCATORIA PARA A ASIGNACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN PAÍSES DA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+

Alumnado de ciclos Superiores

## BASES DA CONVOCATORIA

O **Consortio FP Superior Ourense - Europa** abre unha convocatoria para asignar bolsas de mobilidade para prácticas para alumnos/as de Ciclos Superiores de Formación Profesional, en reunión do Consorcio do 4 de outubro de 2024.

Estes fondos, que proceden da acción clave (KA131) de Mobilidade de estudantes de Educación Superior do Programa ERASMUS+ (xestionados pola Axencia Nacional (SEPIE) en España), están suxeitos á normativa propia da Axencia Nacional en relación ao programa referido.

Este proxecto consiste na realización dunha mobilidade de ata 10 semanas, de prácticas NON REMUNERADAS, en empresas relacionadas cos estudos cursados das familias profesionais impartidas nos centros.

A súa finalidade é proporcionar aos/ás beneficiarios/as a oportunidade de ter unha experiencia formativa no ámbito laboral no estranxeiro, perfeccionar o coñecemento doutro idioma e coñecer outras culturas e modos de vida.

O Consorcio FP Superior Ourense - Europa apoiará aos/ás alumnos/as, a través do seu centro de ensino na procura de:

- Empresas ou institucións europeas dispostas a participar no Programa.
- Seguimento por parte da titoría das prácticas e da coordinación de programas internacionais.
- Asesoramento e guía en todo o período.



## 1 ASPECTOS XERAIS

---

Dirixido a alumnado de ciclos de Grao Superior para a realización do módulo FCT ou das prácticas curriculares en empresas no estranxeiro.

no estranxeiro O Consorcio FP Superior Ourense-Europa proporciona, a través do centro de matriculación do alumno, a xestión das bolsas ERASMUS+ e dos aspectos académicos relacionados coa validez da realización de FCT en países europeos adheridos ao programa. Tamén facilitará, na medida do posible, a xestión da mobilidade e o contacto cos centros de traballo.

## 2 REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

---

1. Estar matriculadas durante o curso 2024/25 nun ciclo formativo de grao superior de Formación Profesional ou nun curso de especialización de Formación Profesional de grao superior nalgún dos centros educativos que forman parte do Consorcio, e estar en condicións de acceder á realización da Formación en Centros de Traballo (FCT) ou de realizar un período de formación práctica en empresa, antes do comezo da mobilidade.
2. Non poderá ter a condición de persoa beneficiaria das axudas previstas nesta orde o alumnado que incorra nalgunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. A persoa solicitante debe cumprir os requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria de acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma segundo indica o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

## 3 PERÍODO DE REALIZACIÓN

---

No 3º trimestre do curso 2024-2025, unha vez accedido ao módulo de FCT ou prácticas curriculares en empresas e de acordo aos procedementos establecidos en cada centro do Consorcio e as indicacións dos seus correspondentes Departamentos de Relacións coas empresas.

## 4 DURACIÓN E LUGAR

---

### 4.1 Duración

- 384 horas ciclos LOE, 380 ciclos LOXSE. Ata un máximo de 10 semanas.
- 120/150 horas cursos de Especialización. Ata un máximo 30 días.

### 4.2 Lugar:

Cada un dos centros de ensino que forman parte do Consorcio ofertará destinos, logo da publicación desta convocatoria, en función das empresas ou institucións colaboradoras de que dispoña para cada unha das especialidades impartidas.

Por outra banda, o alumnado solicitante poderá promover a realización de convenios con empresas do seu interese. Para isto deberá presentar un "Compromiso de acollida da empresa" no estranxeiro (Anexo II desta convocatoria), ou ben calquera outra proba documental xustificativa que sexa considerada suficiente segundo o criterio do comité de selección.



## 5 ACHEGAS ECONÓMICAS PARA O ALUMNADO

### 5.1 BOLSAS ERASMUS+

Os importes están fixados pola Axencia Nacional pola duración completa do proxecto de mobilidade. (80% ao inicio da mobilidade e o 20% restante ao finalizar).

**Apoio individual para Mobilidades de longa duración:**

		Cantidade mensual das axudas	Cantidade mensual prácticas en empresa
<b>Grupo 1</b> <b>Países con costes de vida superiores</b>	Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Suecia. Países non asociados ao programa da rexión 14: Illas Feroe, Reino Unido, Suíza.	350 €	500 €
<b>Grupo 2</b> <b>Países con costes de vida medios</b>	Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, España, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos, Portugal. Países non asociados ao programa da rexión 13: Andorra, Estado da Cidade do Vaticano, Mónaco, San Mariño.	300 €	450 €
<b>Grupo 3</b> <b>Países con costes de vida inferiores</b>	Bulgaria, Chequia, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Macedonia do Norte, Letonia, Lituania, Polonia, Romanía, Serbia, Turquía.	250 €	400 €

Países non asociados ao programa das rexións 1 a 12: 700 €/mes.

**Apoio individual para Mobilidades de curta duración para todos os países:**

Duración da actividade de mobilidade física	Importe
Ata o 14.º día de actividade:	79 EUR ao día
Do 15.º ao 30.º día de actividade:	56 EUR ao día

### 5.2 AXUDA ADICIONAL

Financiarase unha cantidade adicional de 250 € mensuais aos estudantes beneficiarios dunha bolsa de estudos de carácter xeral do "Ministerio de Educación y Formación Profesional" no curso inmediatamente anterior ao que se vaia a realizar a mobilidade, no caso de mobilidades de longa duración.

No caso de mobilidades de curta duración, os estudantes con menos oportunidades reciben un importe complementario ao apoio individual da subvención Erasmus+ da UE que ascende a 100 EUR no caso dunha actividade de mobilidade física cunha duración de entre 5 e 14 días e a 150 EUR cando a duración sexa de entre 15 e 30 días.

Haberá unha axuda para estudantes con necesidades especiais física, mental o de enfermidade que impida participar na mobilidade sen un apoio financeiro adicional.

### 5.3 PARTICIPANTES CUNHA BOLSA CERO DOS FONDOS ERASMUS+ DA UE

O alumnado que non reciba subvención Erasmus+ da UE, pero que cumpra todos os criterios de mobilidade pode optar a unha bolsa cero (sen fondos de apoio individual nin adicional) e beneficiarse do resto das vantaxes do programa Erasmus+. Poden recibir a financiación descrita no apartado 5.4 seguinte.

### 5.4 AXUDAS COMPATIBLES COA FINANCIACIÓN ERASMUS +

Axudas da FCT para transporte, da Consellería de Educación Ciencia, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia: segundo a convocatoria anual e o país de destino.



## 6 COMITE DE SELECCIÓN

1. A instrución, ordenación e selección no procedemento corresponde a unha comisión de selección que se constituirá en cada centro educativo coa seguinte composición:

- Presidencia: a persoa que exerza a dirección do centro educativo ou persoa en quen delegue.
- Vogalías:
  - A persoa coordinadora de programas europeos no centro educativo.
  - Dous membros do equipo directivo do centro educativo.
- Secretaría: unha persoa docente do centro educativo, que actuará con voz pero sen voto.

2. Se por calquera causa, no momento no que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas compoñentes non puidese asistir, será substituída pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa docente do centro educativo.

## 7 CRITERIOS DE SELECCIÓN DE CANDIDATOS

As prazas dispoñibles baixo o programa de mobilidade descrito nesta convocatoria asignaranse ao alumnado interesado, logo da presentación da solicitude, que será baremada segundo criterios establecidos no proxecto aprobado no Consorcio e que valorarán os seguintes apartados:

- **1. Expediente académico (máximo 4 puntos).**
  - Terase en conta a nota media do primeiro curso do ciclo formativo completo ou do ciclo completo que deu acceso nos casos de cursos de especialización ou ciclos dun so curso
    - Nota media inferior a 6: 1 punto.
    - Nota media comprendida entre 6 e 7: 2 puntos.
    - Nota media maior que 7 e inferior a 9: 3 puntos.
    - Nota media igual ou superior a 9: 4 puntos.
- **2. Coñecemento do idioma do país de destino ou do idioma de traballo (máximo 4 puntos):**
  - Certificación de nivel B1: 1 punto.
  - Certificación de nivel B2: 2 puntos.
  - Certificación de nivel C1: 3 puntos.
  - Certificación de nivel C2: 4 puntos.
- **3. Entrevista persoal (máximo 4 puntos):**
  - Os equipos educativos de cada persoa solicitante realizará un informe cuantitativo no cal se valorarán as aptitudes e actitudes persoais en relación coas actividades a desenvolver durante a mobilidade, o grao de responsabilidade, a capacidade de traballo en equipo e a capacidade comunicativa.
  - Pódese considerar necesaria a convocatoria á persoa solicitante para unha entrevista persoal valorativa. De non se presentar á entrevista, entenderase que a persoa aspirante renuncia á bolsa, polo que a súa solicitude será desestimada.
  - Deberase obter unha puntuación mínima de 2 puntos neste apartado para superar a fase de selección.
- **4. Persoas participantes con menos oportunidades (máximo 2 puntos).**





- Considéranse participantes con menos oportunidades os/as que se encontren nalgunha das seguintes situacións (axuda non acumulativa se presentan máis dun perfil):
  - Ter sido beneficiario dunha bolsa de estudos de carácter xeral da Administración Xeral do Estado para realizar estudos universitarios e outros estudos superiores no curso inmediatamente anterior ao que se realice a mobilidade.
  - Ter a condición de refuxiado ou con dereito a protección subsidiaria ou ter presentado solicitude de protección internacional en España.
  - Ter recoñecida e cualificada legalmente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cen.
  - Outra circunstancia debidamente xustificada e valorada polo departamento de orientación.
- **5. Compromiso de acollida (2 punto)**
  - O alumnado solicitante poderá promover a realización de convenios con empresas do seu interese. Para isto deberá presentar un “Compromiso de acollida da empresa” no estranxeiro (Anexo II desta convocatoria), ou ben calquera outra proba documental xustificativa que sexa considerada suficiente segundo o criterio do comité de selección.
- **6. Criterios de desempate. No caso de empate seguirase a seguinte orde de prioridade:**
  - 1º Ás persoas solicitantes con menos oportunidades.
  - 2º Ás persoas solicitantes que nunca participaran en mobilidades do Programa Erasmus+.
  - Se aínda así persiste o empate, farase a selección por sorteo.

## 8 SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As persoas interesadas deberán entregar a solicitude na secretaría do centro correspondente, dende o **21 ao 25 de outubro** de 2024, antes das 14:00h.

O impreso de solicitude atópase no Anexo I desta convocatoria, ou ben pódese recoller na secretaría de cada un dos centros.

Xunto co impreso de solicitudes se entregarán:

- Documentos acreditativos da competencia lingüística alegada.
- Se é o caso, Compromiso de Acollida da empresa no estranxeiro (Anexo II desta convocatoria), ou outra proba documental.

## 9 RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

O centro mediante a súa comisión de selección baremará as solicitudes presentadas segundo estas bases, unha vez estudadas as solicitudes recibidas

Finalizado o proceso de baremación asignaranse as prazas ofertadas segundo o reparto entre centros acordado en reunión do Consorcio do día 4 de outubro de 2024:

- CIFP A Carballeira: 8 mobilidades de alumnado para prácticas
- CIFP A Farixa: 8 mobilidades de alumnado para prácticas
- CIFP Portovello: 8 mobilidades de alumnado para prácticas
- IES 12 de Outubro: 4 mobilidades de alumnado para prácticas





Este reparto poderá variar segundo o número de solicitudes e as prazas asignadas por cada centro

Publicaranse nos taboleiros de anuncios, así como na páxina web, as actas da resolución provisional, nas que se incluírá a lista de adxudicacións, a lista de espera e os candidatos non aptos, a partir do **6 de novembro de 2024**.

O **prazo de reclamacións será do 7 ao 14 de novembro de 2024**

A **resolución definitiva farase pública o día 15 de novembro** na web de cada centro do Consorcio.

Se por causa xustificada algún seleccionado non puidese realizar a mobilidade, a vacante pasará a ser cuberta segundo a orde da listaxe de espera.

## 10 FORMACIÓN LINGÜÍSTICA

---

Todo o alumnado fará una Proba de nivel na plataforma en liña proporcionada pola Comisión Europea sobre o idioma do país para o que foi seleccionado, ou no seu defecto en inglés.

O alumnado, tras a proba de nivel, poderá realizar unha Formación en liña na devandita plataforma de acordo ao nivel obtido.





## ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

### CONVOCATORIA ERASMUS + MOBILIDADE DE ALUMNADO CICLOS SUPERIORES PARA PRÁCTICAS NO ESTRANXEIRO PROXECTO 2023-1-ES01-KA131-HED-000120644 – Convocatoria Outubro de 2024

DATOS DO/A CANDIDATO/A					
Apelidos				Nome	
Enderezo					
Teléfono			Correo electrónico		
DNI ou NIE		Data de nacemento		Nacionalidade	
CURSO ACTUAL					
Ciclo				Bolsa do Ministerio de Educación y Formación Profesional no curso 2023-2024 <input type="checkbox"/>	
Centro					
IDIOMAS					
Idioma acreditado	nivel		Falante nativo/a <input type="checkbox"/>		
			Idioma		
			Nota idioma no ciclo		
PARTICIPACIÓN PREVIA EN MOBILIDADES K103/131 ERASMUS+					
SÍ <input type="checkbox"/>		NON <input type="checkbox"/>			
DATOS DA INSTITUCIÓN OU EMPRESA DE ACOLLIDA (só no caso de presentar "compromiso de acollida")					
Nome do centro				web	
Correo electrónico			Enderezo		
Persoa de contacto			País		Teléfono
A PERSOA SOLICITANTE DECLARA					
1) Que non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo ou similares conceptos para os que se solicita a axuda correspondente á realización da FCT no período comprendido nesta convocatoria 2) Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos. 3) Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. 4) Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. 5) Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. 6) Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.					
COMPROBACIÓN DE DATOS					OPÓÑOME Á CONSULTA
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.					
DNI ou NIE da persoa solicitante.					<input type="checkbox"/>
Certificado de notas do último curso escolar ou ciclo da persoa solicitante					<input type="checkbox"/>

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA**

- Documentos acreditativos da competencia lingüística.
- Compromiso de acollida da empresa no estranxeiro (Anexo II) se é o caso.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

**FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDE E SINATURA**

Pola presente solicito a miña participación no Programa Erasmus+ FP Superior Ourense – Europa

N.º proxecto: 2023-1-ES01-KA131-HED-000120644

No caso de ser seleccionado/a, asumo a responsabilidade de realizar a estada no centro de destino segundo a normativa correspondente, agás causa xustificada que me impida realizar a referida estada.

Sinatura	Data
	Ourense a

Comité de Selección de Movilidades de Alumnado para prácticas de Ciclos Superiores

## Annex II

# Training commitment

Name of the candidate: \_\_\_\_\_

Personal ID n°:

\_\_\_\_\_

I, \_\_\_\_\_,

as legal representative of the company

\_\_\_\_\_

With VAT number

\_\_\_\_\_

I commit to welcoming \_\_\_\_\_ (participant's name) \_\_\_\_\_

as an unpaid work experience participant, within the Erasmus + Programme,

in the period \_\_\_\_\_ of 2024.

### FOR THE HOST ORGANISATION

- Name:
- Position:
- Telephone:
- Address
- E-mail:
- Web:
- Place / date: